

GALICIA *Litoral*

GUÍA MODELO DE SOLICITUDES DE SERVICIOS DE TEMPADA EN
DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE
PARA PARTICULARES

2026

ÍNDICE DE CONTIDOS



AUTORIZACIÓNS SERVIZOS DE TEMPADA EN DPMT PARA PARTICULARES: Conceptos xerais

01_ Principios xerais

02_ Duración e prazos

03_ Condicións


SOLICITUDES: forma de presentación e contido

04_ Como presentar a solicitude

05_ Documentación complementaria obrigatoria

CONTACTO

06_ Canle de atención telefónica e datos de contacto



AUTORIZACIÓNS SERVIZOS DE TEMPADA PARA PARTICULARES:

conceptos xerais



01_ Principios xerais

A [Lei 22/1988, do 28 de xullo de Costas](#), cando trata da utilización do dominio público conxuga as necesidades de garantir o uso **común, natural, libre e gratuíto das praias**, coa necesidade de articular o seu uso especial para dar resposta á demanda de servizos que se produce en época estival.

En ningún caso o outorgamento destas autorizacións **poderá desnaturalizar o principio do uso público das praias**.

A Xunta de Galicia aprobou o [Decreto 38/2019, do 14 de marzo](#), polo que se aproba a **catalogación dos tramos urbanos e naturais das praias de Galicia**. Dentro do proceso de catalogación, a normativa establece a categoría e subcategoría para cada tramo de praia en función da existencia de elementos merecedores de protección ambiental, regulando o seu uso e ocupación de acordo coa clasificación asignada.

Esta catalogación pode ser consultada no visor <http://mapas.xunta.gal/visores/basico/>, publicado na páxina web dependente do Instituto de Estudos do Territorio, dentro do punto de: «Selección de capas. Ordenación do territorio e paisaxe. Caracterización dos tramos das praias»

De conformidade co disposto no artigo 113 do Regulamento Xeral de Costas, aprobado polo Real decreto 876/2014, do 10 de outubro, os concellos costeiros **poderán solicitar, con carácter preferente**, a autorización para as actividades, instalacións e servizos de tempada no seu termo municipal na zona de dominio público marítimo-terrestre.

De acordo co anterior, e para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 113 e 152 do Regulamento Xeral de Costas, aprobado polo Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro, con data 30 de setembro publicouse o [Anuncio do 24 de setembro de 2025](#), da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, de información pública sobre os prazos relativos aos servizos de tempada na zona de dominio público marítimo-terrestre do litoral de Galicia correspondentes ao ano

2026 (código de procedemento MT701A).

En consecuencia, a través do [Anuncio do 11 de novembro de 2025](#), procedeuse a publicar a relación de concellos que optaron por asumir a xestión dos servizos de tempada a través de plans de explotación:

Provincia da Coruña

1. Concello de Cabanas
2. Concello de Dumbría
3. Concello de Miño
4. Concello de Oleiros
5. Concello de Porto do Son
6. Concello de Ribeira
7. Concello de Valdoviño

Provincia de Pontevedra

1. Concello de Baiona
2. Concello de Cangas
3. Concello de Grove (O)
4. Concello de Guarda (A)
5. Concello de Marín
6. Concello de Nigrán
7. Concello de Sanxenxo
8. Concello de Vigo

9. Concello de Vilaboa

10. Concello de Vilagarcía de Arousa

02_Duración e prazos

Nos restantes concellos costeiros de Galicia **as persoas físicas e xurídicas interesadas na explotación de servizos de tempada que pretendan prestarse en terreos de dominio público marítimo-terrestre da Comunidade Autónoma de Galicia poderán solicitar o outorgamento de autorización desde as 12:00 horas do día 17 de novembro, ata o 31 de decembro de 2025.**

Os autorizacións de servizos de tempada poderán autorizarse polo prazo dun ano, prorrogable ata un máximo de catro, se ben as instalacións **deberán desmontarse unha vez rematada a tempada.**

A tempada queda fixada, como máximo, entre o **inicio do período de Semana Santa, entendendo por tal o venres inmediatamente anterior á festividade do Venres Santo, e o 31 de outubro de cada ano natural.**

Calquera outro evento, actividade, xornadas, competicións ou campionatos de duración non superior a 15 días que se queira desenvolver no dominio público marítimo-terrestre deberá solicitarse **cunha antelación mínima dun mes respecto a data prevista para a súa celebración.**

03_Condicións

03_01 Condicións das actividades, instalacións e servizos

As actividades, instalacións e servizos solicitados deberán axustarse ás condicións

establecidas na normativa aplicable e na **Guía de instalacións e actividades de tempada no litoral de Galicia para o 2026**, dispoñible na seguinte ligazón: <https://www.xunta.gal/medio-ambiente/galicia-litoral/marco-legal>

En período estival, as administracións competentes poden necesitar realizar actuacións ou tarefas de mantemento e conservación das praias, polo que as autorizacións que se outorguen o serán sen prexuízo da execución das ditas actuacións.

Ante a previsión de fenómenos meteorolóxicos adversos, o concello deberá prover o necesario para a retirada inmediata das instalacións para minimizar, no posible, os danos que se producen nas praias.

03_02 Condicións do outorgamento da autorización en caso de explotación por terceiros

Para o caso de concorrencia de varias solicitudes para unha mesma zona, no outorgamento terase en conta a prioridade na súa presentación, agás outros criterios de maior interese e utilidade pública das propostas, con respecto aos principios de publicidade, imparcialidade e transparencia.

Considerarase data de presentación válida aquela na que o expediente sexa presentado completo e conste no mesmo a solicitude e toda a documentación complementaria esixida no devandito procedemento.

Manterán a condición de validamente presentadas aquelas solicitudes respecto das cales a Administración requira unha mera aclaración en relación coa documentación

presentada, sempre e cando a documentación achegada na solicitude sexa completa.

As autorizacións poderán ser revogadas unilateralmente pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático en calquera momento, sen dereito a indemnización, cando:

- produzan danos no dominio público,
- impidan a súa utilización para actividades de maior interese público,
- interfiran na realización dunha obra de interese xeral,
- menoscaben o uso público,
- os terreos ocupados soporten un risco certo de que o mar os alcance,
- resulten incompatibles coa normativa aprobada con posterioridade.

03_03 Depósitos previos á explotación

O titular da autorización deberá proceder **á constitución dun depósito previo**, a disposición da Dirección Territorial correspondente da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, para responder dos gastos de execución subsidiaria do levantamento das instalacións (art. 113.6 do RXC) Así mesmo, este depósito responderá das penalizacións, responsabilidades e incumprimento das condicións da autorización en que puidese incorrer o adxudicatario.

O depósito poderase formalizar por calquera dos sistemas admitidos pola normativa vixente na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia (na Consellería de Facenda ou Delegacións Provinciais da Atriga): <https://www.conselleriadefacenda.gal/es/areas-tematicas/politica-financeira-e-tesouro/caixa-xeral-de-depositos/informacion-xeral>

O promotor deberá entregarlle á Dirección Territorial correspondente da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, o xustificante de ter depositada a dita garantía.

Os depósitos constituiranse polo importe **de 25,00 euros/m² de ocupación con base á superficie solicitada** e non por cantidades inferiores, aínda que a superficie finalmente ocupada sexa inferior á solicitada, ou non se chegue a ocupar.

03_04 Condicións relativas ao canon

A Administración Xeral do Estado reserva para si as funcións de fixar o importe dos canons pola utilización ou aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre e de exercer a titularidade sobre os dereitos económicos devindicados pola utilización ou aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre.

O particular, como titular da autorización, deberá dirixirse ao órgano competente da Administración do Estado (Demarcación ou Servizo Provincial de Costas do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico) para a liquidación e aboamento do canon correspondente pola ocupación do dominio público marítimo terrestre, en virtude do establecido nos artigos 181 e 182 do [Regulamento xeral de Costas](#).

03_05 Condicións finais

O titular da autorización deberá informar ao Servizo do Litoral da correspondente Dirección Territorial da Xunta de Galicia das incidencias que se produzan en relación co dominio público marítimo-terrestre.

Se o servizo de vixilancia do litoral, durante o período de explotación das instalacións de tempada, detectase algunha irregularidade con respecto do autorizado, comunicarllo ao titular da autorización para que tome as medidas necesarias para a súa corrección. En caso de incumprimento, iniciárase o correspondente expediente sancionador.

Unha vez rematada a tempada, deberánse retirar todas as instalacións en DPMT afectadas, quedando o terreo limpo e na mesma situación a como inicialmente se encontraba, restaurando a realidade física anterior.



SOLICITUDES:

Forma de presentación e contido

04_ Como presentar a solicitude

Naqueles concellos que non asumisen a xestión dos servizos de tempada, as persoas físicas ou xurídicas poderán presentar as súas solicitudes de autorización nos prazos establecidos no apartado 02. Nestes casos, deberán presentar unha solicitude para cada instalación ou servizo para os que se requira a dita autorización.

IMPORTANTE! as solicitudes de particulares solicitadas en concellos que si asumiron a xestión dos servizos de tempada a través dun plan de explotación (ver apartado 01), serán inadmitidas. As persoas físicas ou xurídicas interesadas na explotación como terceiros nos devanditos concellos poderán dirixirse directamente a estes.

04_01 Presentación electrónica (preferente)

As solicitudes de autorización de servizos de tempada presentaranse preferentemente de forma electrónica a través do procedemento MT701A, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal>

Para a súa presentación poderanse empregar todos os sistemas de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica, incluída a Chave 365.

A solicitude deberá **dirixirse ao departamento territorial** da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático correspondente ao lugar no que se vaia desenvolver a actuación.

Obrigados á presentación electrónica

A presentación electrónica da solicitude é obrigatoria para:

- Administracións públicas distintas da propia Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e entidades do sector público autonómico.
- Persoas xurídicas, entidades sen personalidade xurídica e persoas que exerzan

unha actividade profesional para a cal requiran de colexiación obrigatoria para os trámites e actuacións que realicen coas administracións públicas no exercicio da súa actividade profesional.

- Representantes dunha das persoas anteriores.
- Persoas empregadas das administracións públicas, nos trámites realizados na súa condición de empregado público no exercicio das súas funcións.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa solicitude de forma presencial, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Considerarase como **data de presentación, aquela na que fose realizada a emenda.**

04_02 Presentación presencial (opcional)

Para quen non está obrigado á presentación electrónica, a solicitude poderá entregarse de forma presencial en calquera dos lugares e rexistros previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Nestes casos, tamén se utilizará o formulario normalizado, MT701A, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

04_03 Selección do tipo da autorización

No formulario MT701A, deberase indicar o subtipo de autorización que se solicita, neste caso: Servizos de tempada. Particulares

05_ Documentación complementaria obrigatoria

Xunto coa solicitude, deberá achegarse a seguinte **documentación complementaria**:

1. Documentación relativa ás obras ou instalacións que se pretenden realizar:

- Para o caso de obras non menores: proxecto básico das obras ou instalacións, subscrito por persoal técnico competente, que incluírá:

- Memoria xustificativa e descritiva con anexos, se é o caso
- Planos: situación, plantas, alzados, seccións características e topográfico do estado actual, a escala non inferior a 1/1000.
- Orzamento

- Para o caso de obras menores: memoria explicativa das obras, con expresión das súas características, uso previsto e orzamento detallado por partidas. Incluírá planos de definición de plantas, alzados e seccións.


2. Plano de situación e emprazamento no cal deberá figurar grafada a situación e a ocupación exacta da actuación solicitada e incluír a representación do deslindamento, do límite interior da ribeira do mar e das servidumes de tránsito e de protección, de acordo cos planos oficiais do órgano correspondente da Administración do Estado.

3. Información fotográfica completa da zona.

4. Só para o caso de servizos de tempada: Proposta da delimitación das zonas a ocupar polos servizos de tempada, especificando a superficie ocupada.

5. Só para o caso de servizos de tempada: Planos de planta xeral, de alzados e seccións das instalacións e servizos, nos que se reflecta a proposta de delimitación.

ACLARACIÓN! non será preciso presentar por duplicado a proposta da delimitación das zonas a ocupar polos servizos de tempada, así como os planos de planta, alzados e seccións solicitados nos puntos 4 e 5, sempre e cando xa se inclúisen nalgún dos documentos achegados nos puntos anteriores.



CONTACTO



6_ Canle de atención telefónica e datos de contacto

6_01 Teléfono de información 012



Ponse á disposición das persoas interesadas unha canle de atención e información á cidadanía a través do **teléfono 012**, para facilitar a realización de trámites e brindar asesoramento en materia de litoral. A través deste servizo facilitarase información sobre o procedemento de autorización para os servizos de tempada.



6_02 Datos de contacto

Servizo do Litoral da Coruña

Teléfono: 881881018 / 981184716

Email: litoral.medio-ambiente.coruna@xunta.gal

Servizo do Litoral de Lugo

Teléfono: 982889729/ 982294394

Email: litoral.medio-ambiente.lugo@xunta.gal

Servizo do Litoral de Pontevedra

Teléfono: 986805654

Email: litoral.medio-ambiente.pontevedra@xunta.gal



XUNTA
DE GALICIA

